

Ola! Chámome
Petra
e son artista
na Idade do Bronce.



Encántame traballar a pedra
facendo petróglifos.

Vinde conigo á
RUTA DA ARTE RUPESTRE.

Vivo entre os ríos Verdugo e Lérez,
nun paraíso chamado

TERRAS DE PONTEVEDRA

Que son os petróglifos?

Os petróglifos son gravados na pedra ao aire libre.
Nas Terras de Pontevedra hai moitos e de calidade.

Nalgúns se representa a natureza con cabalos,
serpes, cervos e tamén escenas de caza.


Noutros hai representacions xeometricas coma
labirintos, espirais e cazoletas.



GALICIA



Queredes coñecer as mellores obras de
Terras de Pontevedra? Vinde conigo!



Comezamos na Área Arqueóloxica
de Tourón (Ponte Caldelas), albiscando
o val do río Verdugo.




Sucamos
a pedra
cunha
lasca, é dicir,
unha pedra
coma a que
teño
na man.

Aos poucos, facemos
marabillas coma estas
figuras xeométricas
e de animais.

Logo
visitamos
Ponte
Caldelas
e a súa
fermosa
praia
fluvial.

Seguindo o curso do río Verdugo
chegamos á ría de Vigo. Gozaremos
dos petróglifos no Chan dos Areeiros
(Vilaboa) postos en valor polos traballos
de arqueoloxía e restauración
realizados recentemente
e completamos a excursión indo ás
Salinas do Ulló, que son unha pasada.




Deixamos a ría de Vigo e imos á ría de Pontevedra. No conxunto arqueolóxico de Mogor (Marín) destacamos a Pedra do Labirinto na que se ven uns sucos ao redor dunha cazoleta. Ao rematar podemos pasear pola praia que está ao carón.

A vista dos petróglifos á tardiña, coa ría ao fondo é fantástical.



Uns dos primeiros conxuntos de petróglifos en seren estudiados foron os de Salcedo en Pontevedra.

Aproveitade para dar unha volta pola Boa Vila e comprobar o seu premiado modelo de cidade baseado na mobilidade e calidade de vida da cidadanía.



No monte da Caeira (Poio), temos outro conxunto excepcional de arte rupestre.

Reparade nas figuras xeométricas e na ilustración da caza do cervo e da montaría.

Teremos unha visión panorámica de Pontevedra, da desembocadura do Lérez e da Xunqueira de Alba.

Velaquí tedes a Laxe das Lebres na Caeira (Poio) e un gran Centro de Interpretación.



Subindo polo río Lérez atopamos os petróglifos de Fentáns (Cotobade). Temos que atopar o ídolo oculto na pedra e logo, en Viascón, veremos moitas figuras xeométricas.



Vai acabando o día. E se descansamos un pouco na carballeira de San Xusto ou baixamos ao río Lérez e ao antigo balneario?

O punto ideal para finalizar a Ruta da
Arte Rupestre en
TERRAS DE PONTEVEDRA

é o parque
arqueolóxico de Campo Lameiro
co seu centro de interpretación de máis
de 5.000 metros cadrados. En Campo
Lameiro hai que se deixar levar pola
imaxinación mirando os cervos, os
cabalos e a recreación do
poboado onde vivo.



Disque fixen un autorretrato meu a cabalo nunha escena de caza, a vós que vos parece?



Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre Campo Lameiro
Praderrei s/n. 36119 Campo Lameiro
T. +34 986 69 60 66
www.paar.es

Centro de Interpretación dos Petróglifos de Mogor
Praia de Mogor s/n. 36920 Marín
T. +34 986 88 03 00
www.concellodemarin.es

Centro Arqueolóxico da Caeira
Casal de Ferreirós
Av. de Andurique, 43. 36163 Poio
T. +34 986 83 32 04
www.concellopoio.es

Área Arqueolólica de Tourón
T: +34 986 76 72 35
www.pontecaldelas.org

Información Turística

www.terrasdepontevedra.org
www.turismo.gal
www.turismoriasbaixas.com



Terras de
Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA

galicia